



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 5 de febreiro de 2018

Sras./Sres. Asistentes:

PRESIDE

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

D. ALBERTO VARELA PAZ

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 5 de febreiro de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 29/01/2018, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/418

Vista a proposta do Presidente da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, que a continuación se relaciona, conforme ás bases reguladoras da “CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2018-2019”, publicadas no BOP, o día 03-01-2018 , con cargo á Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes para o Proxecto e, solicitude de subvención por importe de 6.000,00€:

-Gasto corrente novo: enerxía eléctrica das instalacións deportivas municipais, cun orzamento total de 12.000,00€.

PRP2018/419

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Mantemento, Alumeado Público e Auditorio, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Transportes y Construcciones Dieguez, S.L.** para reparacións varias no Bombeo Pozo Fontecarmoa, por un importe total de 1.621,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/420



Vista a proposta do Xefe do Servizo de Mantemento, Alumeado Público e Auditorio, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Luis Miguel Vila Magrache**, para subministro de 3.240 kgs. de Pellets para as Casas de Cultura de Faxilde, Fontecarmoa e Galans (1.080 kg. para cada unha), por un importe total de 784,08 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22103.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/421

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Mantemento, Alumeado Público e Auditorio, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Gasocentro Caldas, S.L.** para subministro de gasóleo para calefacción da Casa de Cultura de Sobradelo, por un importe total de 370,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22103.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/423

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Mantemento, Alumeado Público e Auditorio, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Equipamentos Obreiro, S.L.** para subministro de botas de traballo para o persoal do Servizo eléctrico do Auditorio (3 persoas), por un importe total de 286,77 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/425

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Mantemento, Alumeado Público e Auditorio, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Equipamentos Obreiro, S.L.** para subministro de botas de traballo para o persoal do Servizo de Saneamento (2 persoas), por un importe total de 191,18 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/427

Vista a proposta do Xefe do Servizo de Mantemento, Alumeado Público e Auditorio, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Equipamentos Obreiro, S.L.** para subministro de botas de traballo para o persoal do Servizo de Alumeado Público (4 persoas), por un importe total de 382,36 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/430



Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Talleres Santiago Iglesias, S.L.**, para a reparación do vehículo matrícula 9994-BLV, adscrito ao Servizo Municipal de Obras, por un importe total de 1.275,88 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/433

Vista a proposta do Responsable de Compras do Concello, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Paperstore S.L.** para o subministro de dúas grapadoras modelo RAPID 5050E Eléctrica para os Departamentos de Cultura e Servizos Sociais, por un importe total de 1.328,58 € (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

- Con cargo á partida 231.22000, por importe de 664,29 € (reposición).
- Con cargo á partida 334.22000 por importe de 664,29 € (nova).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/436

Visto o escrito de **D. Adrián Fernández Maneiro**, Coordinador de eventos do Atl. Faxilde C.F., solicitando colaboración municipal para a celebración do evento deportivo "TOP CUP", no Complexo Polideportivo de Fontecarmoa, os días 2 e 3 de xuño, en horario de 09:00 a 13:30 e de 15:00 a 20:00 horas, dedicado a clubs de categorías alevín (de carácter ficticio),.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a colaboración municipal coa cesión dunha carpa xunto á Casa de Cultura de Fontecarmoa, equipo de audio e materiais da Fundación de Deportes para a celebración do evento.

PRP2018/438

Dáse conta do escrito presentado por Dona M^a de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de **Asociación Protectora de Animales de Vilagarcía de Arousa**, solicitando autorización para instalar unha carpa na esquina das Rúas Alcalde Rey Daviña e Baldosa, os días 10 e 24 de febreiro, en horario de 10:00 a 19:00 horas, así como a cesión de 4 mesas, 4 cadeiras e conexión eléctrica.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.



PRP2018/440

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Rebeca Justich Pereira** solicitando autorización para instalar unha atracción de cadeas na Praza da II República, os días 2 ao 11 de febreiro, con motivo da celebración das Festas do Entroido.

A Xunta de Goberno Local acorda non conceder a autorización solicitada.

PRP2018/445

Dáse conta do escrito presentado por D. Adrián López Pérez, en representación de **D. Matías Mesa García**, solicitando autorización para instalar unha mesa na Praza de Galicia, o día 5 de febreiro de 2018, en horario de 10:00 a 20:00 horas, para a realización dunha xornada de recollida de sinaturas con motivo da proposta de Lei que pretende regular as plantacións de eucalipto.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/448

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de novembro de 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o acordo indicado, quedando, do seguinte xeito:

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar á Xefatura Provincial de Costas (Demarcación de Costas do Estado) a concesión/ocupación dunha zona do areal da praia Compostela para a creación dun carril-bici de 3 m. de ancho paralelo ao actual paseo marítimo da Praia Compostela, de acordo co plano que se remitiu no seu día á Xefatura Provincial de Costas.

PRP2018/449

Dáse conta do escrito remitido pola Delegación de Economía e Facenda de Pontevedra, Secretaría Xeral de Patrimonio, sobre a alleación dos terreos que conforman a superficie de uns 65 m² situados no Paseo Marítimo da Praia de Compostela, sobre os que se asenta parte do antigo Balneario (redondo), propiedade do Concello, fixando un prezo de 16.380 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar o citado prezo de alleación, comunicando que unha vez aprobada polo Ministerio de Economía e Facenda a devandita alleación, se procederá á consignación orzamentaria da cantidade citada.

PRP2018/450



Dáse conta da proposta da Área de Comunicación Social de previsión de gasto para Publicacións de Cultura 2018, para a impresión de catálogos ou políticos de febreiro a decembro, segundo os orzamentos presentados por **Gráficas Anudriña SCG**, por un importe total de 13.286,60 € (IVE incluído).

A Xunta de Goberno local acorda aprobar a previsión de gasto indicada, coa seguinte desagregación:

- Catálogos Rivas Briones, por importe total de 6.879,60 €, con cargo á partida 334.22631.
- Políticos exposicións Auditorio e Programación Cultural, por un importe total de 6.406,64 €, con cargo á partida 334.22602.

PRP2018/454

Dáse conta do escrito presentado polo **Grupo Municipal de Esquerda Unida** en relación coas obras de substitución de pavimento no paseo da praia Concha – Compostela, no que solicitan que se inicien as accións necesarias para garantir a seguridade para os viandantes.

Dáse conta así mesmo do informe da Policía Local en relación co asunto.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/456

Vista a solicitude de D. Juan Manuel Saavedra Touceda e/n da **Asociación Unión de Minusválidos de Asturias San Blas** de data 2 de xaneiro de 2018, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlles para o ofrecemento aos peóns (sen instalación de posto ou tenderete) de axendas con horóscopo, co fin de recadar fondos para o cumprimento dos fins da asociación.

PRP2018/458

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Maria Moreiras Couso**, solicitando autorización para instalar un posto de churros o día 13 de febreiro, martes de Entroido, na Avda. da Mariña. Visto o informe da Policía Local acordase concederlle a autorización solicitada, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/459

Dáse conta de escrito remitido pola **Consellería do Medio Rural**, comunicando a continuidade ou posta en marcha do convenio de colaboración suscrito entre a citada Consellería e as entidades locais de Galicia para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, cun prazo ata o 10 de febreiro.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.



PRP2018/461

Dáse conta do escrito presentado por **D. Rafael Crespo Figueira**, solicitando autorización para instalar un posto de churros o día 13 de febreiro, martes de Entroido, na Praza da II República.

Visto o informe da Policía Local acordase concederlle autorización na Praza da II República, na zona próxima á Avda. da Mariña, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS

PRP2018/422

Dáse conta de informe do Negociado de Recursos Humanos de subministro de información sobre execución orzamentaria de gastos de persoal do ano 2017, actualizados a 31 de decembro de 2017, que non inclúe información relativa ao Organismo Autónomo da FPSDM:

Nº de postos: 332.

Total retribucións: 7.850.314,38 €

Seguridade Social: 2.252.659,34 €.

Total: 10.102.973,72 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

Emprego

PRP2018/460

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica e Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa **Arrepións, C.B.**, para o aluguer dos medios necesarios para o desenvolvemento da actividade de socorrista en espazo natural en río, por un importe de 849,99 €, con cargo á partida 2412.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2018/498

Dáse conta de informe da Directora da Biblioteca Municipal indicando que o martes de Entroido a Biblioteca Municipal pechará pola tarde, como en anos anteriores.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar o peche indicado.

Sanidade



PRP2018/463

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **SOCOMOR, S.A.** para o subministro de material para os Cemiterios Municipais de Vilagarcía de Arousa e Carril, por un importe total de 198,68 € (IVE incluído), con cargo á partida 164.22110.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Mercados

PRP2018/465

Visto o escrito de **D. Alexandro Pino García** solicitando autorización para adquirir en traspaso os postos nº 24-25 da zona de Martín Gómez Abal do Mercado de Vilagarcía, do que é titular Dona Pilar Miguel Elices, e visto o informe do Xefe do Servizo de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar dito traspaso debendo ingresar na Tesourería Municipal a cantidade de 215,86 €, que é a cantidade consignada en concepto de transferencia para esta zona para os dous postos.

Comunicáselle que unha vez aboada a citada cantidade deberá solicitar o cambio de titularidade do posto, achegando á solicitude o xustificante do ingreso e debendo estar en posesión de toda a documentación necesaria para exercer a venda ambulante.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Medio Ambiente

PRP2018/466

Dáse conta de escrito de **Augas de Galicia** comunicando o arquivo das actuacións correspondentes ao expediente de denuncia contra o Concello de Vilagarcía en relación cun vertido de augas residuais ao dominio público marítimo-terrestre no Porto Deportivo no TM de Vilagarcía de Arousa (Clave DH.D36.59503).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/467

Dáse conta de escrito de **Augas de Galicia** comunicando o arquivo das actuacións correspondentes ao expediente de denuncia contra o Concello de Vilagarcía en relación cun vertido de augas residuais ao dominio público marítimo-terrestre na Praia de Compostela no TM de Vilagarcía de Arousa (Clave DH.D36.59564).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/468

Dáse conta de escrito de **Augas de Galicia** de reiteración de requirimento en relación cun vertido de augas residuais ao dominio público marítimo-terrestre na Praia do Preguntoiro no TM de Vilagarcía de Arousa (Clave DH.D36.59563), concedendo un prazo de un mes, para acreditar ante Augas de Galicia as medidas adoptadas para o cese ou corrección dos vertidos denunciados.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda á adopción de medidas correctoras.



PRP2018/496

Dáse conta da publicación no DOG do día 12 de xaneiro de 2018, da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2018, destinadas a entidades locais de Galicia.

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a solicitude da mencionada subvención na liña de concorrencia competitiva para o proxecto de mellora de eficiencia enerxética na luz pública consistente en actuacións de renovación do cadro eléctrico na Rúa López Ballesteros e substitución de luminarias por unha cantidade de 29.717,50 € (IVE incluído), sendo o máximo subvencionado o 80% do proxecto, polo que o Concello tería que achegar 5.943,50 € como mínimo, dependendo da porcentaxe que concedan e sempre en función do que resulte do procedemento de licitación.

Así mesmo o Concello acepta as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria da subvención. (partida 165.213)

PRP2018/497

Dáse conta da publicación no DOG do día 12 de xaneiro de 2018, da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2018, destinadas a entidades locais de Galicia.

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a solicitude da mencionada subvención na liña de concorrencia non competitiva para a realización de actuacións no Bombeo de Bamio.

Aprobar o proxecto das actuacións proxectadas “Mellora do Bombeo de Bamio”, redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, cun orzamento de execución por contrata de 18.585,78 € (IVE incluído), polo que sendo o importe da subvención de 12.441,50 €, o Concello asumirá a diferenza, o que suporía a cantidade aproximada de 6.144,28 € en función do que resulte do procedemento de licitación. (partida 165.213)

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2018/469

Vista a proposta da Concellería Delegada da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e orzamento para a realización do X Maratón Fotográfica pola Igualdade, un importe total de 850,00 €, coa seguinte desagregación:

- Premios: 600,00 € (3 premios de 200,00 € cada un), con cargo á partida 2312.48100.
- Varios: 250,00 €, con cargo á partida 2312.22699.

PRP2018/470

Vista a Proposta da Concellería Delegada da Área de Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Centro Polivalente Ana M^a Parada, S.L.** para a realización dos obradoiros de formación para persoas maiores “ACTÍVATE” que terán lugar os meses de febreiro a decembro de 2018, por un importe total de 10.640,00 €, con cargo á partida 2313.22634. (Proxecto 3 02/01/2018).

Apróbase así mesmo o prazo de inscrición do 5 ao 20 de febreiro de 2018.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/471

Vista a proposta da Concellería delegada da Area das Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adhesión ao programa de termalismo social posto en marcha pola Deputación Provincial (DEPOTERMAL 2018), que ten por finalidade fomentar o envellecemento activo e mellorar a calidade de vida das persoas.

Sanidade

PRP2018/473

Dáse conta de proposta da Coordinadora do SPAD, en relación co remate o 30 de novembro da adxudicación do contrato do Obradoiro de manualidades e cerámica creativa da Unidade de Día e a necesidade de garantir a continuidade do mesmo.

Dáse conta dos orzamentos presentados:

- Dona Rocio Mosquera Barrettino, por un prezo de 1.296 €/mes.
- D. David Mayer Schenone, por un prezo de 1.040 €/mes
- Dona Mar Barral Núñez, por un prezo de 936,00 €/mes.

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o obradoiro de manualidades e cerámica creativa da Unidade de Día do SPAD a **Dona Mar Barral Núñez**, a partir do 5 de febreiro de 2018 e ata o 31 de decembro de 2018, polo prezo citado de 936,00 €/mes, con cargo á partida 2311.22706, por ser o orzamento máis vantaxoso dos presentados.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2018/442

Vista a solicitude de Dona María de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de **Asociación Protectora de Animales de Vilagarcía de Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Praza da Peixería os días que a seguir se indican, para a celebración de mercados benéficos, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

- Marzo: 1, 2, 3, 4 e 5.
- Maio: 3, 4, 5, 6 e 7
- Xullo: 5, 6, 7, 8 e 9
- Outubro: 4, 5, 6, 7 e 8
- Novembro: 29 e 30
- Decembro: 1, 2 e 3

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

A presente autorización concédese en precario e condicionada a que por parte do Concello se programe algunha actividade na citada Instalación.



PRP2018/475

Dáse conta do escrito enviado por D. Xulio Ríos Secretario da Fundación Plácido Castro no que achega documentación relativa a memoria de actividades do ano 2017, balance contable, previsión de ingresos e gastos correspondente a 2018 e Plan de actividades de 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o gasto correspondente á cota do 2018, que ascende a 1.800,00 €, con cargo á partida 334.489, debendo presentar a Fundación a correspondente liquidación da cota para a realización do pago da mesma.

PRP2018/476

Vista a solicitude de **SADI de Vilagarcía de Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 2 de marzo de 2018, en horario de 10:30 a 13:30 horas, para a celebración da Festa do Entroido organizado polo Centro de Día de Vilagarcía, para realizar un concurso de Entroido entre os centros e residentes da zona, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2018/477

Vista a solicitude de Dona Anna Jarque Abizanda en representación de **Amencer-CAI Princesa Letizia**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, os días 22, 23, 24 e 25 de febreiro, durante todo o día con motivo da celebración do VI Festival Princesa Letizia, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

Acórdase así mesmo a colaboración municipal coa impresión de cartelería, entradas numeradas e gravación.

- O prezo das entradas será de 3 € e a recadación da súa venda para a entidade organizadora.

PRP2018/478

Vista a solicitude de D. Francisco Jesús Fernández Rodríguez, en representación de **Cáritas Interparroquial de Arousa**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o



uso da Sala de Conferencias e Seminario 1 do Auditorio Municipal, nas datas que se indican para o desenvolvemento do Programa ARRUMÍ coa comunidade xitana, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

- SALA DE CONFERENCIAS: Días 15 e 29 de xaneiro.

- Seminario: 12 e 26 de febreiro; 12 e 26 de marzo; 9 e 23 de abril; 7 e 21 de maio; 4 e 18 de xuño.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2018/479

Vista a solicitude de D. Juan Fungueiriño Fontenla, en representación da **Asociación Ermita dos Anxos**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe dos Anxos en Trabanca Sardiñeira o vindeiro día 5 de agosto de 2018:

- Actuación do Orfeón Alento Xoven, por un importe de 225,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2018/480

Vista a solicitude de D. Daniel Canda Ramos, en representación da **Asociación Cultural San José Aldea de Arriba**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Xosé en Aldea de Arriba (Cea) o vindeiro día 18 de marzo de 2018:

- Actuación da Asociación Cultural Coral Amencer, por un importe de 225,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2018/481

Vista a solicitude de **ADEGA CINE CLUB**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario 1 do Auditorio Municipal, o día 13 de marzo, en horario de 19:00 a 21:45 horas, para a celebración dunha asemblea xeral anual, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.



Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2018/482

Vista a solicitude de **ADEGA CINE CLUB**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, os días 7 e 21 de febreiro e 7e 21 de marzo, a partir das 21:00 horas, para a celebración de catro proxeccións, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase así mesmo a impresión de panel e 40 carteis (20 para a programación de cada mes). Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2018/483

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar o orzamento para a celebración do Entroido 2018, dende o 11 ata o 18 de febreiro, coa celebración de distintos actos (Festival de Comparsas, Festival Infantil, Desfile de concurso de disfraces, Enterro da Sardiña, Enterro do Arenque,, etc.) por importe de 9.652,00 €.

Segundo: Aprobar a provisión de fondos a favor da Concelleira Dona Luz M^a Abalo Pérez, por un importe total de 6.225,00 €, coa seguinte desagregación:

CONCEPTO	IMPORTE	IMPORTE PROVISIÓN
FESTIVAL DE COMPARSAS	2.100,00 €	2.100,00 €
PREMIOS CONCURSO DE DISFRACES	4,125,00 €	4.125,00 €
FESTIVAL INFANTIL LUNS (JAVIER SÁNCHEZ SOLLA)	786,50 €	
CARLOS CRESPO GÓMEZ (LA DUENDENETA)	544,50 €	
Actuación na Praza para martes para entrega de premios		
Contratación de COMPARSAS MARAJOTA E MEDIA e O XOUBAL (M ^a Rosario Couso Rodríguez) para animación na rúa o martes día 13	300,00 €	
ENTERRO DA SARDIÑA EN CARRIL (GRUPO DE GAITAS MALVEIRAS)	391,00 €	
AUTOCARES CASTRO CALDELAS, S.L. (Desprazamento dende Puebla de Trives a Vilagarcía do Grupo de actuación no Enterro da Sardiña en Carril)	605,00 €	
COMPRA DE MATERIAL VARIO	250,00€	
RADIO, PRENSA.....	500,00 €	
CLECE, S.A. (limpeza especial da Praza da Peixería)	50,00 €	
TOTAL ORZAMENTO E PROVISIÓN DE FONDOS	9.652,00 €	6.225,00 €

- Con cargo á partida 334.48100: 6.225,00 €
- Con cargo á partida 338.22699: 3.427,00 €



PRP2018/484

Dáse conta dos convenios Económico-Cultural asinados entre o concello de Vilagarcía e as distintas Asociacións que levan a cabo a xestión de actividade nos Centros Socio-Culturais Municipais, aprobados en Xunta de Goberno Local de 13 de novembro de 2017.

ASOCIACIÓN	C.I.F.	IMPORTE	NOME PERSOA RESPONSABLE
ASOC. MM.RR. A PIÑOUSA de Cea	G-36284982	1.800,00€	M ^a Dolores Negro Lago
AA.VV. AGUSTÍN ROMERO de Cornazo	G-36135754	1.800,00€	M ^a Rita Cores Osorio
AA.VV. FAXILDE de Faxilde	G-36154649	1.800,00€	José Alberto Gomez Araújo
ASOC.CULTURAL MALVEIRAS de Carril	G-36136679	1.800,00€	José Luis Eiras Mollinedo
AA.VV. BREOGÁN de O Piñeiríño	G-36137578	1.800,00€	M ^a Dolores García Lafuente
ASOC. MM.RR. ANDURIÑA de Sobradelo	G-36261279	1.800,00€	Mónica M ^a Miguéns Iglesias
ASOC.MM.RR. FONTECARMOA	G-36530350	1.800,00€	Bárbara Diz García
ASOC. MM.RR. SAN XINÉS de Bamio	G-36204345	1.800,00€	Josefina Ordoñez Ordoñez
ASOC.MM.RR. XIABRE de Guillán	G-36264901	1.800,00€	M ^a Dolores Carballo Reguero
AA.VV. O SOUTO de Rubiáns	G-36564797	1.800,00€	Jorge Carlos Abuín Rodríguez
AA.VV. SAN MIGUEL de Trabanca Badiña	G-36180073	1.800,00€	M ^a del Carmen Gaité Pastor
ASOC.MM.RR. E CONSUMIDORAS PERLA DE AROUSA de Renza	G-36231106	1.800,00€	M ^a Trinidad Diz Vidal
AA.VV. GRUPO SAN ROQUE de Vilagarcía	G-36147924	1.800,00€	M ^o del Carmen Vicente Rubianes
AA.VV. SAN ROQUE de Castrogudín	G-36060523	1.800,00€	Julián Abuín Fontenla
AA.VV. A GOLPELLEIRA de A Torre	G-36163251	1.800,00€	Antonio G. Domínguez Álvarez
ASOC. MM.RR. E CONSUMIDORAS DE TRABANCA SARDIÑEIRA	G-36236156	1.800,00€	M ^a Isabel Fernández Varela
AA.VV. SAN MARTIÑO DE SOBRÁN –Galáns	G-94045192	1.800,00€	Benito Torrado Ínsua
AA.VV. DE VILAXOÁN	G-36250504	1.800,00€	Antonio Casás Valoira

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/520

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases do LIV Edición do Concurso Internacional da Camelia, que terá lugar os días 10 e 11 de marzo de 2018 na Praza da Peixería.

Acórdase así mesmo aprobar o orzamento para os premios dos seguintes Concursos, con cargo á partida 334.48100:

1.- Concurso de fotografía da Camelia 2018:

1º Premio: 300 €

2 Accesits de 100 €/cada un.

2.- Concurso de Ornamentación de escaparates 2018:

1º Premio: 500 €

2º Premio: 300 €

3º Premio: 200 €

3.- LIV Concurso Exposición Internacional da Camelia 2018 (Premios pendentes de valorar).

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/485

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto denominado “Renovación Urbana do Entorno de Matosinhos-1ª Fase”, redactado polo Arquitecto D. Iago Fernández Puentes, cun importe (IVE excluído) de 265.873,44 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 55.833,42 €, o que totaliza un importe de licitación de 321.706,86 € (IVE incluído).



O gasto total foi autorizado, xunto coa memoria técnica, por Resolución da Alcaldía de data 29 de decembro de 2017 (321.706,86 €).

PRP2018/486

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a Memoria Valorada denominada “Mellora de accesibilidade en Avda. Cornazo na PO-301 con R/Illa de Ons”, redactada polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Oscar Álvarez González, por importe de 2.345,22 €.

Dado que as obras se realizarán por administración, con persoal municipal e compra de material a empresas subministradoras, o orzamento estimado ascende a un importe total de 1.970,78 €.

PRP2018/487

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 2 de outubro de 2017, aprobouse a memoria valorada denominada “Mellora da urbanización no entorno da Pista Deportiva en Trabanca Badiña”, redactado polo enxeñeiro técnico don Óscar Álvarez González.

Tramitada licitación a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia, presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	Oferta (IVE excluído)
Construcciones Castro Figueiró, S.L.U.	16.241,24 €
Construcciones Vale, S.L.	16.943,44 €
Gruporesa, S.L:	17.983,55 €
COVSA	20.129,59 €
XERMOLO	21.651,68 €
MARCONSA	21.000,00 €
ACEVI	15.289,30 €
CPA- ABILLEIRA	18.847,01 €
SESTRAMA-09	18.303,59 €

Detectado que a oferta presentada pola mercantil Actividades de Construcción, Edificación y Viales, S.L. presenta valores anormais ou desproporcionados con respecto do prezo ofertado, nun 13,51% inferior á media das ofertas presentadas, o citado licitador foi requirido para que presentase a xustificación á que fai referencia o artigo 152.3 do TRLCSP.

O enxeñeiro técnico redactor do proxecto, emite informe con data 16 de xaneiro de 2018, onde conclúe que, trala xustificación presentada polo licitador, a baixa enténdese xustificada.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Adxudicar o contrato denominado ““Mellora da urbanización no entorno da Pista Deportiva en Trabanca Badiña”, á Actividades de Construcción, Edificación y Viales, S.L. (B94097268), por un importe (IVE excluído) de 15.289,30, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 3.210,75, o que totaliza un importe de adxudicación de 18.500,05 € (IVE engadido).
2. Nomear director de obra ao enxeñeiro técnico don Óscar Álvarez González.

PRP2018/488

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a redacción do proxecto básico e de execución para a reparación con substitución de material de cobertura en zona de garaxe e zona de usos varios e instalación de portais de garaxe no Edificio de Emerxencias a **D. José M. Millán Armas** por un importe de 1.800 € (IVE excluído), ao que corresponde un IVE (21%) de 378,00 €, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 2.178,00 €, con cargo á partida 150.640.



PRP2018/489

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a redacción do proxecto básico e de execución para a reparación da cuberta da capela, acondicionamento de pavimento e outras obras de acondicionamento no Cemiterio Municipal de Vilagarcía de Arousa, a **Arquitectura Obradoiro Aberto, SLP** por importe de 6.703,20 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 1.407,67 €, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 8.110,87 €, con cargo á partida 150.640.

PRP2018/490

Dáse conta do expediente tramitado para a adxudicación de “Subministro máquina portaféretros”, e visto que a única oferta presentada, por **Clem Ecologic, S.L.** incumpre as características mínimas establecidas nos pregos que rexen a licitación, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Excluir da licitación do “Subministro máquina portaféretros” á empresa Clem Ecologic, S.L. ao incumprir a máquina ofertada as prescricións técnicas mínimas establecidas nos pregos que rexen a licitación.
- 2.- Declarar deserta a licitación ao non presentarse licitadores que cumpran o establecido nos pregos.
- 3.- Aprobar o novo prego de prescricións técnicas particulares que rexeran a licitación, e dar traslado do mesmo á Deputación Provincial de Pontevedra aos efectos que procedan.

PRP2018/491

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 20 de novembro de 2017, aprobouse a memoria valorada denominada “Mellora urbanización en Avda. Dr. Tourón no entorno do río do Con”, redactado polo enxeñeiro técnico don Óscar Álvarez González.

Tramitada licitación a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia, presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	Oferta (IVE excluído)
Endenor Construcciones, Mtto y Servizcios, S.L.	33.074,33€
Marconsa	26.016,34€
Zona de Obra O Rosal, S.L.	31.635,85€
Sergonsa Servicios, S.L.	29.865,00€
Canalizaciones y Contrucciones Salnés, S.L.	31.561,18€
Actividades de Const. Edificación y Viales, S.L.	30.010,80€
Grupo Oresa, S.L.	35.253,16€
Construcciones Vale, S.L.	31.305,74€
Construcciones Caldevergazo, S.L.	32.644,62€
Nemesio Ordóñez, S.A.	27.831,68€
Construccions, Obras e Viais, S.A.	31.151,16€
Nexia Infraestructuras, S.L.U.	28.935,99€

Detectado que a oferta presentada pola mercantil Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. presenta valores anormais ou desproporcionados con respecto do prezo ofertado, nun 15,46% inferior á media das ofertas presentadas, o citado licitador foi requirido para que presentase a xustificación á que fai referencia o artigo 152.3 do TRLCSP.

O enxeñeiro técnico redactor do proxecto, emite informe con data 2 de xaneiro de 2018, onde conclúe que, trala xustificación presentada polo licitador, a baixa enténdese xustificada.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Adxudicar o contrato denominado “Mellora urbanización en Avda. Dr. Tourón no entorno do río do Con”, á mercantil Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.



(B36533537), por un importe (IVE excluído) de 26.016,34€, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 5.463,43€ o que totaliza un importe de adxudicación de 31.479,77 € (IVE engadido), con cargo á partida 453.619.

2. Nomear director de obra ao enxeñeiro técnico don Óscar Álvarez González.

PRP2018/492

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 20 de novembro de 2017, aprobouse a memoria valorada denominada “Demolición de estrutura de formigón na rúa Almirante Fontán”, redactado polo arquitecto Xoán Xosé Rodríguez Cuiña
Tramitada licitación a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia, presentáronse as seguintes ofertas:

LICITADOR	Oferta IVE excluído
Transportes Javier Ares, S.L.	18.325,40 €
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	15.000,00 €
Zona de Obra O Rosal, S.L.	25.625,29 €
Sergonsa Servicios, S.L.	17.598,00 €
Canalizaciones y Contruccionen Salnés, S.L.	24.886,04 €
Construcciones Balboa y Buceta, S.L.	29.735,00 €
Actividades de Construcción, Edificación y Viales,SL	23.943,04 €
Nemesio Ordóñez	24.888,50 €
Construcciones, Obras y Viales, S.A.	23.997,70 €
Narom, SL	28.781,08 €

Detectado que a oferta presentada pola mercantil Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. presenta valores anormais ou desproporcionados con respecto do prezo ofertado, nun 11,63% inferior á media das ofertas presentadas, o citado licitador foi requirido para que presentase a xustificación á que fai referencia o artigo 152.3 do TRLCSP.

O arquitecto redactor do proxecto, emite informe con data 10 de xaneiro de 2018, onde conclúe que, trala xustificación presentada polo licitador, propón desestimar a xustificación da baixa.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato denominado “Demolición de estrutura de formigón na rúa Almirante Fontán”, á mercantil Sergonsa Servicios, S.L., por un importe (IVE excluído) de 17.598,00 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 3.695,58€ o que totaliza un importe de adxudicación de 21.293,58 € (IVE engadido), con cargo á partida 151.61900.

2. Nomear director de obra ao arquitecto don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña.

PRP2018/493

Dáse conta da publicación no Diario Oficial de Galicia nº 10, de data 15 de xaneiro de 2018, da Resolución do 15 de decembro de 2017, para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de Camiños Municipais 2018-2019, coa seguinte asignación ao Concello de Vilagarcía de Arousa:

Código	Concello	Asignación	Anualidade 2017	Anualidade 2018
36060	Vilagarcía de Arousa	47.848,00 €	23.924,00 €	23.924,00 €

Polo Enxeñeiro Técnico D. Oscar Álvarez González redactouse o proxecto técnico denominado “Mellora do Camiño Rural na Rúa Real en Cea (da Rúa Antuín á Rúa Carballos), cun orzamento de licitación de 47.813,94 € (IVE excluído).

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar o proxecto técnico denominado “Mellora do Camiño Rural na Rúa Real en Cea (da Rúa Antuín á Rúa Carballos)”, redactado polo Enxeñeiro Técnico D. Oscar Alvarez González,



cun orzamento de 47.813,94 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 10.040,93 €.

2.- Solicitar a participación no Plan de Mellora de Camiños Municipais 2018-2019, convocado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

3.- Solicitar da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural o financiamento do proxecto denominado "Mellora do Camiño Rural na Rúa Real en Cea (da Rúa Antuín á Rúa Carballos)", cun orzamento de 47.813,94 € (IVE excluído).

4.- Aprobar a aportación municipal, por importe de 10.040,93 €, con cargo á partida 454.619. (Proxecto 2 nº 03/23/16).

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.